

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese social a *Fundación Tutelar Camiño do Miño*, adscribíndoa á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

Decreto 115/2007, do 31 de maio, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da estabilización de noiros na estrada PO-400. (Clave PO/07/099.02).

Con data do 21 de maio de 2007, o director xeral de Obras Públicas, por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, aprobou o proxecto de construción da estabilización de noiros na estrada PO-400. Clave: PO/07/099.02.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia, en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia favorable na seguranza viaria, posto que esta actuación é imprescindible para o funcionamento normal da estrada.

En virtude de todo o exposto e, en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta, na súa reunión do día trinta e un de maio de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concre-

tan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de construción da estabilización de noiros na estrada PO-400. Clave: PO/07/099.02.

Santiago de Compostela, trinta e un de maio de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e
Transportes

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Decreto 116/2007, do 31 de maio, polo que se crean centros públicos de educación e promoción de adultos con sede nos centros penitenciarios de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 31 e o Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establecen a competencia desta en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica o capítulo IX do título II á educación das persoas adultas, establecendo no seu artigo 67.6º a garantía de acceso da poboación reclusa a estas ensinanzas; e a Lei 9/1992, do 24 de xullo, de educación e promoción de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 5 que, para o logro dos seus fins, a Xunta de Galicia fomentará a relación e coordinación das accións que en materia de educación, promoción e formación laboral de adultos realicen as distintas consellerías e institucións da comunidade autónoma, así como as dos organismos e entidades públicas e privadas no seu ámbito competencial, e no seu artigo 14 determina que lle corresponde á Xunta de Galicia a creación dos centros de educación e promoción de adultos.

Tendo en conta o Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros que, en coherencia coas dúas leis citadas, ten a vontade de desenvolver con garantías plenas o dereito á educación das persoas adultas, cunha oferta de calidade para todas e todos sen discriminación.

Considerando que o disposto no Real decreto 1203/1999, do 9 de xullo, polo que se integran no corpo de mestres ás funcionarias e funcionarios pertencentes ao corpo de profesores de educación xeral básica de institucións penitenciarias e se dispoñen normas de funcionamento das unidades educativas

dos establecementos penitenciarios, habilita para a sinatura do convenio de colaboración do 23 de marzo de 2007, BOE do 11 de abril, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Interior, para o desenvolvemento de programas de formación da poboación reclusa que se realizarán nos centros de educación de persoas adultas localizados en cada un dos centros penitenciarios de Galicia.

De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de maio de dous mil sete,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Créanse os centros públicos de educación e promoción de adultos que figuran no anexo ao presente decreto, con sede nos centros penitenciarios de Galicia, integrándose na rede pública de centros e sometidos á vixencia do convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Interior. A súa organización e funcionamento será obxecto dunha regulamentación específica.

Artigo 2º

Estes centros terán como finalidade facer efectivo o disposto no artigo 67.6º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sobre o acceso das persoas internas en establecementos penitenciarios ás ensinanzas de persoas adultas.

Artigo 3º

Intégranse nestes centros as mestras e mestres con destino nas unidades educativas dos respectivos centros penitenciarios que foron asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia e asignados á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante o Decreto 322/1999, do 16 de decembro, de asunción da ampliación de medios da Administración do Estado, realizada polo Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, en materia de educación.

Disposición adicional

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará os cadros de persoal docente para cada un dos centros públicos creados neste decreto.

Disposiciones derradeiras

Primeira.-Autorízase a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do disposto neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta e un de maio de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Código	Centro	Localidade	Concello	Provincia
15032650	Centro público de educación e promoción de adultos de Teixeiro	Curtis (Teixeiro)	Curtis	A Coruña
27020811	Centro público de educación e promoción de adultos de Bonxe	San Mamede de Bonxe	Outeiro de Rei	Lugo
27020823	Centro público de educación e promoción de adultos de Monterroso	Esporiz (San Miguel)	Monterroso	Lugo
32020771	Centro público de educación e promoción de adultos do Pereiro de Aguiar	Prexigueiró (San Salvador)	O Pereiro de Aguiar	Ourense
36024720	Centro público de educación e promoción de adultos da Lama	A Lama	A Lama	Pontevedra

Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 85 as condicións específicas de admisión do alumnado en etapas postobrigatorias. No número 2 do devandito artigo dispónse que nos procedementos de admisión de alumnado aos ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de formación profesional, cando non existan prazas suficientes, se atenderá exclusivamente ao expediente académico do alumnado con independencia de que este proceda do mesmo centro ou doutro distinto. Por outra parte, o seu artigo 69 determina que lles corresponde ás administracións educativas adoptar as medidas oportunas para as persoas adultas dispoñen dunha oferta específica das ensinanzas postobrigatorias organizadas de acordo coas súas características.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo, regula no seu capítulo V a oferta, o acceso, a admisión e a matrícula nos ciclos formativos de formación profesional, e no seu artigo 20 establece que a oferta das ensinanzas correspondentes a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional poderá flexibilizarse, permitindo que estas ensinanzas se poidan ofrecer de xeito completo ou parcial, así como nas modalidades presencial ou a distancia.